



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE: 2026/S004/000001. Convocatoria de prazas na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa para o curso 2026-2027.

Asunto: Elevación definitiva da 2ª listaxe provisional de admitidos na EIM para o curso 2026-2027

ANTECEDENTES

Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón, no seu artigo 3, punto 3.9, recolle que unha vez estudadas pola comisión todas as reclamacións presentadas e resoltas procederase á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda no taboleiro do concello e no da EIM Raíña Lupa, coa puntuación obtida.

19/02/2026. Informe emitido ao efecto pola directora da EIM Raíña Lupa

20/02/2026. Providencia de incoación do expediente.

01/03/2026 a 31/03/2026. Prazo de presentación de solicitudes e renovación de praza para o curso 2026/27.

27/04/2026. Elévase a definitiva a listaxe provisional, logo de realizar todos os trámites estipulados no Regulamento de Réxime interno da EIM Raíña Lupa de Boqueixón.

Artigo 3.4, no seu último parágrafo establece: As solicitudes presentadas con posterioridade serán baremadas nos últimos 7 días hábiles do mes de agosto, para a adxudicación a comisión de baremación, seguimento e control, aplicará o mesmo criterio que na anterior convocatoria, agás neste caso a comisión terá en conta a data de nacemento dos/as neno/a nados despois do mes de marzo, terán preferencia os que cumpran antes os tres meses.

27/08/2026. 2ª Convocatoria da comisión de baremación, seguimento e control para valoración de solicitudes para o curso 2026/27.

27/08/2026. Baremadas todas as solicitudes asinase a acta da Comisión de valoración, seguimento e control

28/08/2026. Publicouse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na EIM Raíña Lupa e na páxina web www.boqueixon.es a 2ª lista provisional de admitidos e non producíndose no prazo estipulado ningunha reclamación.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón (BOP, Nª 121 de 28 de xuño 2019)

Ordenanza fiscal reguladora do prezo publico pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón (BOP Nº 142 de 28-07-2017) modificación (BOP, Nº 21 de 02-02-2021)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a 2ª lista provisional de admitidos na EIM Raíña Lupa de Boqueixón aprobada mediante Resolución de Alcaldía nº 461/2026 do 28/08/2026.

SEGUNDO. No prazo de 5 días hábiles a partir da publicación da presente resolución, os pais dos admitidos deberán presentar no rexistro xeral deste concello en horario de 9:00 a 14:00 horas ou ben a través da sede electrónica, a seguinte documentación:

- Anexo IV. Aceptación da matrícula (é obrigatorio anexar este formulario cumprimentado e asinado)
- tarxeta sanitaria da/o menor
- certificado médico da/o menor
- carné de vacinación actualizado

Nos últimos 5 días hábiles do mes de agosto asinarase o contrato de prestación de servizos e aportaranse catro fotografías tamaño carné.

TERCEIRO. Se finalizado o período de formalización da matrícula, esta non fose formalizada ou entregada toda a documentación sinalada no apartado anterior decaerá o dereito á praza obtida e tampouco quedará en lista de agarda.

CUARTO. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón e na páxina web www.boqueixon.es, para o coñecemento dos interesados, coa indicación de que lle pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno

QUINTO. Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Boqueixón, na data da sinatura electrónica

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor